

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

INFORMACIÓN LEGAL ADICIONAL - EVENTOS

En cumprimento do establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, integrada polas dúas seguintes normas:

- Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (de agora en diante, «RXPDP»).
- Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (de agora en diante, «LOPD»).

Ibercaja informa os interesados das condicións legais nas que vai tratar os seus datos persoais, de acordo cos seguintes apartados:

1. Quen é o responsable do tratamento dos meus datos?

IBERCAJA BANCO S.A. (de agora en diante, «Ibercaja»)

Plaza Basilio Paraíso 2 – 50008 Zaragoza

Contacto do delegado de protección de datos: dpo@ibercaja.es

2. Que categorías de datos persoais vai tratar Ibercaja?

De acordo co previsto no RXPDP e na LOPD, en Ibercaja trataremos os teus datos persoais tal e como se expón a continuación.

Dado que non utilizaremos todos os teus datos persoais para todas e cada unha das nosas actividades, ao longo deste documento informámoste do tipo de datos persoais que precisaremos tratar en cada caso:

DATOS OBTIDOS DO INTERESADO	
Categoría	Datos persoais
Datos de identificación	Nome e apelidos, fotografía, sexo, domicilio de residencia, DNI, pasaporte ou NIE, data de nacemento, nacionalidade, así como datos referidos á súa voz e imaxe.
Datos de contacto	Información de contacto postal, telefónica e electrónica.

3. Para que, e con que lexitimación, trata Ibercaja os meus datos persoais?

A continuación indicámosche os tratamentos que realizaremos sobre os teus datos persoais e a base legal que nos permite tratalos, segundo o uso que lles vaíamos dar en cada caso.

a) **Tratamentos realizados por interese lexítimo**

- En Ibercaja imos tratar os teus datos persoais para poder responder e atender calquera solicitude ou consulta que nos formule. En particular, trataremos os teus datos para prestarche a nosa axuda cada vez que nolo solicites, tanto a través do noso sitio web como de calquera dos nosos teléfonos de contacto. Referímonos, por exemplo, á petición de calquera clase de información sobre os nosos produtos ou servizos ou sobre a localización de oficinas e caixeiros. Neste caso, entendemos que en Ibercaja temos un interese lexítimo para utilizar a información que nos facilites para poder responder as consultas que nos formule.

Ibercaja levou a cabo unha proba de ponderación para este tratamento, tal e como esixe a normativa. Como conclusión desta proba, e en resumo, entendemos que (i) a túa privacidade non se ve prexudicada polo interese que temos en Ibercaja de responder as peticións que ti mesmo nos puideses facer; (ii) os teus datos unicamente serán utilizados para os efectos de atender as túas consultas ou suxestións.

- Nalgúns casos tamén organizaremos promocións, sorteos e eventos dos que podes formar parte. Cando participes nalguna destas actividades necesitaremos tratar os teus datos persoais para podermos xestionar a túa participación no sorteo (se for o caso, para contactar contigo e entregarche o premio que che poida corresponder) ou a túa inscrición no evento. O obxectivo que se persegue é mellorar a nosa interacción contigo e pór á túa disposición determinados beneficios dos que poidas aproveitar, sorteando algúns produtos e convidándote aos eventos que realizamos.

Para este tratamento Ibercaja tamén realizou unha proba de ponderación. Como conclusión dela, entendemos que o tratamento non afecta ao teu dereito á privacidade debido a que (i) a participación nos sorteos, eventos ou concursos é voluntaria e non se xera ningún prexuízo en caso de non o faceres, (ii) unicamente se tratarán os teus datos en caso de que queiras inscribirte nos sorteos ou eventos, sen que en ningún caso esteas obrigado a participar.

En todo caso, os termos concretos aplicables aos eventos, sorteos ou concursos serán os que se especifiquen e se indiquen nas súas correspondentes bases legais, das que serás debidamente informado antes de que decidas participar ou inscribirte.

Datos obxecto do tratamento: datos de identificación e de contacto.

b) **Cumprimento dunha obriga legal**

Ibercaja necesitará tratar os teus datos para cumprir as diferentes obrigas legais que en cada momento lle resulten esixibles. Referímonos, principalmente e entre outras, ás previstas nas seguintes normas:

- Real decreto legislativo 1/2007, de 16 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da **Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios** e outras leis complementarias.
- **Lei 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e Regulamento (UE) 2016/679** relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais.

Se nolo solicita calquera xulgado ou tribunal, os Corpos e Forzas de Seguridade do Estado ou calquera outra autoridade ou administración pública competente, tamén poderíamos ter que facilitarlle os teus datos persoais, por estarmos legalmente obrigados a facelo.

Datos obxecto do tratamento: datos de identificación e de contacto.

c) Consentimento do interesado

En cumprimento dos requisitos que prevé a normativa de protección de datos, Ibercaja pedirá o teu consentimento para enviarche —por medios electrónicos ou non (a través de correo postal, teléfono, SMS, correo electrónico, sistemas de mensaxaría instantánea, ou calquera outro medio electrónico ou telemático dispoñible en cada momento)— comunicacións comerciais sobre produtos e servizos financeiros e non financeiros que ofrezamos desde Ibercaja (incluídos os seguros que comercialice), as entidades do seu grupo ([+ info](#)) ou a Fundación Bancaria Ibercaja.

Estas comunicacións comerciais, se nolo autorizas, serán enviadas por nós, Ibercaja Banco.

Para tal fin, Ibercaja articulou a correspondente solicitude de consentimento, para que poidas aceptala. Por suposto, debes saber que poderás retirar a túa autorización en calquera momento, sen que facelo che supoña ningunha clase de prexuízo (aínda que esta retirada non afectará á lexitimidade do uso que fixésemos cos teus datos ata ese momento, xa que non ten carácter retroactivo).

Datos obxecto do tratamento: datos de identificación e de contacto.

d) Outros posibles usos futuros (se chegas a ser cliente de Ibercaja Banco)

Finalmente, tamén debes saber que, se asinas calquera contrato connosco, e pasas a ser cliente de Ibercaja, proporcionaremos nel toda a información legal específica sobre privacidade aplicable ao produto ou servizo que nos contratases.

4. Imos compartir con alguén os teus datos persoais?

Somos nós, “Ibercaja Banco S.A.”, a entidade legalmente responsable da recollida, utilización, conservación e eliminación, cando proceder, dos teus datos.

Polo tanto, e por regra xeral, os teus datos só os imos utilizar en Ibercaja, e non os imos ceder a ningún terceiro; só o faremos cando sexa legalmente obrigatorio (por exemplo, ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado ou aos xulgados e tribunais), cando nolo autorizases de maneira

expresa ou cando responda a un interese lexítimo tanto teu como de Ibercaja (do cal te informaremos antes debidamente).

Fóra destes casos non imos comunicar a ningún terceiro a información que nos facilites.

5. Durante canto tempo conservaremos os teus datos?

En Ibercaja conservaremos a información que nos facilites durante o tempo estritamente necesario para xestionar e responder aquilo que nos solicitases, ou ata que nos retires a túa autorización para enviarche comunicacións comerciais.

Tras iso, unicamente conservaremos os teus datos, debidamente bloqueados, para pólos a disposición dos xulgados e tribunais por se houberse algunha reclamación, durante o prazo máximo de 5 anos legalmente establecido polo artigo 1.964.2 do Código civil relativo á prescrición de accións persoais.

6. Cales son os teus dereitos cando nos facilitas os teus datos?

A lei recoñéceche unha serie de dereitos, que debes coñecer e podes exercer para protexer a túa privacidade. Referímonos principalmente ao teu dereito a:

1. Confirmar se en Ibercaja estamos a tratar datos persoais teus ou non e, en tal caso, (a) acceder a eles, (b) solicitar a súa rectificación se cres que son inexactos ou, se é o caso, (c) pedir a súa supresión cando, entre outros motivos, consideres que xa non son necesarios, tendo en conta para que nolos deches.
2. En determinadas circunstancias, poderás solicitar tamén limitar o uso que fagamos dos teus datos, ou mesmo oporte a que os continuemos utilizando. En tal caso, deixaremos de utilizalos, salvo por motivos lexítimos imperiosos ou polo exercicio ou a defensa de posibles reclamacións.
3. Se utilizásemos a túa información persoal para elaborar perfís de comportamento, e os fagamos de maneira integramente automatizada, terás dereito a ser informado diso, a pedir a intervención persoal de calquera dos nosos axentes, a impugnar calquera decisión baseada neses perfís ou a, simplemente, expresar o teu punto de vista.
4. Tamén terás dereito a pedir a portabilidade dos datos que nos facilitases, nun formato de uso común e lectura mecánica.
5. Por suposto, tes dereito a retirar en calquera momento as autorizacións específicas que nos puideses dar para usar os teus datos persoais.
6. Finalmente, podes presentar calquera reclamación ante Ibercaja e/ou ante a Axencia Española de Protección de Datos (como autoridade de control competente en materia de protección de datos), especialmente cando exerceses algún dereito e non o atendésemos nos termos legalmente establecidos.

Poderás exercer estes dereitos (anexando unha copia do teu documento nacional de identidade, ou documento oficial equivalente, se é o caso) mediante correo electrónico dirixido ao seguinte enderezo: dpo@ibercaja.es, por correo postal dirixido ao delegado de protección de datos ao enderezo indicado no apartado “1. Quen é o responsable do tratamento dos meus datos?” ou mediante este formulario <https://www.ibercaja.es/forms/ejercicio-de-derechos/>.

7. Quen é o delegado de protección de datos de Ibercaja?

En Ibercaja designamos unha persoa, o delegado de protección de datos, para protexer a túa privacidade e intimidade, así como para garantir que cumprimos todas as esixencias legais da normativa en materia de protección de datos de carácter persoal, tanto española como europea.

Esta persoa será a encargada de facilitarche toda a información que precises sobre os teus datos persoais. Se necesitas contactar, podes facelo a través do seguinte enderezo electrónico: dpo@ibercaja.es.

Última actualización: 10 de novembro de 2022